

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

**VISITAS  
DIDÁCTICAS**

# CONFÍO

**EN  
GALICIA**

**VESTIR GALICIA,  
VESTIR O MUNDO**



O vestido é un dos principais elementos que nos distinguen como especie. A roupa que empregamos axúdanos a soportar as inclemencias do clima, pero tamén nos serve para ocultar partes do noso corpo por razóns éticas, segundo a cultura na que cada un habita. O vestido é un elemento social, que nos permite integrarnos no grupo humano ao que pertencemos, pero tamén nos pode servir para o contrario, para distinguirmos dos demais e identificarnos como individuos. O complexo tramado da moda marca fortemente a nosa sociedade, a través da constante sucesión de tendencias e da industrialización da produción dos obxectos de moda.

A exposición *Con-Fío en Galicia*, que abrirá as súas portas no Museo Centro Gaiás o vindeiro 11 de marzo, é unha ferramenta excepcional para se achegar a todas as funcións históricas e sociais do vestido desde unha perspectiva galega.



## OBXECTIVOS

As visitas didácticas para escolares da exposición *Con-Fío en Galicia* teñen como obxectivo global adaptar os contidos da mostra para facilitar que os alumnos de todos os niveis educativos se poidan mergullar no vestido como feito histórico, antropolóxico e sociolóxico, facendo posible unha mellor asimilación do seu discurso expositivo.

Esta premisa susténtase nos seguintes obxectivos parciais:

- Achegarse á historia e a cultura de Galicia desde a dimensión do téxtil.
- Valorar a moda como fenómeno característico das sociedades humanas.
- Coñecer a evolución histórica do vestido en Galicia.
- Entender o proceso de integración/diferenciación social a través da roupa.
- Reflexionar criticamente sobre o papel da moda na sociedade do presente.
- Debater sobre a influencia da moda na nosa vida cotiá.

## METODOLOXÍA

As actividades educativas divídense en dúas partes:

- Unha **visita didáctica á exposición**, seguindo un percorrido discursivo adaptado aos diferentes niveis educativos, para coñecer a mostra e os seus contidos.
- Unha **actividade complementaria** específica que permita fixar os principais conceptos e a participación activa do alumnado no discurso da exposición.

O conxunto da visita e a actividade terá unha duración recomendada de **90 minutos**. Por debaixo desta duración, o persoal non pode garantir o desenvolvemento completo das actividades.

Esta actividade didáctica ofértalle aos docentes a posibilidade de reservar unha visita previa á exposición para a preparación da actividade. Sempre que sexa posible, recoméndase esta visita previa co persoal do Museo Centro Gaiás como procedemento idóneo para a preparación e desenvolvemento das actividades.

Parte dos materiais estarán dispoñibles en liña para que os grupos educativos poidan iniciar o traballo no centro ou continuar coa actividade despois da visita á exposición.



## ACTIVIDADES POR NIVEIS EDUCATIVOS

### PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

#### O tacto da moda

Os escolares que se acheguen á exposición poderán tocar os diferentes tecidos que se empregan para o noso vestir, aprendendo, desde o tacto e o peso de cada material, as súas características, procesos de fabricación e propiedades.

#### Modistas e xastres

Na compañía de Fi, a mascota da exposición, crearemos o noso propio recortable baseado nos traxes máis destacados da historia do téxtil galego. Un xeito divertido de recordar todo o que aprendemos no Museo Centro Gaiás.

### SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

#### Pasado de moda

Sodes quen de descifrar a que época pertence cada roupa? Viaxaremos no tempo, desde os castrexos ata o futuro, para coñecer o xeito de vestir das mulleres e homes de Galicia nas diferentes etapas da nosa historia.

#### Sonche muy fashion

Actividade trilingüe. A través da mostra *Con-Fío en Galicia* aprenderemos as palabras precisas, en galego, castelán e inglés, para poder chamarlle axeitadamente á roupa e ás súas partes.

### SECUNDARIA E BACHARELATO

#### Falando de moda

Traballo con imaxes e comentarios de texto. Nesta actividade, o alumnado analizará de maneira crítica o concepto de moda e a súa propia posición dentro do mesmo, debatendo a súa influencia na vida cotián e as súas diferenzas nas distintas culturas.

### ADULTOS (CICLOS FORMATIVOS, UNIVERSIDADE, AULAS DE ADULTOS...)

Con reserva previa, ofértanse visitas guiadas á mostra *Con-Fío en Galicia* para grupos educativos de adultos, de todos os niveis. Recoméndase acordar o contido e orientación da visita co persoal do programa de visitas didácticas.

## INFORMACIÓN PRÁCTICA

#### - Do 15 de marzo ao 9 de setembro de 2016

- De martes a venres, catro quendas: 10:00, 12:00, 16:00 e 18:00 horas
- Grupos de 50 estudantes máximo (consultar dispoñibilidade para grupos maiores)
- Entrada gratuita
- Duración aproximada: 90 minutos

Para un correcto desenvolvemento das actividades, prégase puntualidade

#### Información e reservas

visitasdidacticas@ciudadadacultura.org

No correo de reserva deberá indicarse:

- Data da visita
- Horario e actividade escollida
- Centro e nivel educativo
- Número de estudantes
- Persoa responsable do grupo e móbil de contacto
- Observacións ou necesidades especiais do grupo

As quendas de visita serán asignadas segundo dispoñibilidade e por estricte orde de recepción da solicitude. Remitíraselle ao centro unha confirmación da reserva.

Con independencia da comunicación verbal ou telefónica, as reservas deben facerse sempre por escrito a través do correo electrónico antes indicado.

Teléfono de Información da Cidade da Cultura:  
881 997 584



**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

[cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)



FUNDACIÓN  
CIDADE  
DA CULTURA  
DE GALICIA



XUNTA  
DE GALICIA